

Resolución de 01 de agosto de 2018, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas, da categoría de Enxeñeiro de Montes, perfil “Xestión de Actuacións”, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servizos Centrais, pola que se convoca á realización da proba teórica e se apertura o prazo para a presentación da Formación Baremable.

En sesión que tivo lugar o día 01 de agosto de 2018, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas resultante do período de actualización de listas, na categoría de Enxeñeiro de Montes, perfil “Xestión de Actuacións”, nos ámbitos de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servizos Centrais, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.-Candidatos convocados da lista previa.

A comisión de selección acordou convocar ó proceso selectivo a todos os candidatos que actualmente figuran admitidos na lista previa, na categoría de Enxeñeiro de Montes, perfil “Xestión de Actuacións”, maiores de 18 anos e que non excedan a idade máxima de xubilación forzosa a data da publicación das Bases Específicas II.

Segundo.- Convocar á realización da proba teórica.

De conformidade co disposto nas Bases Xerais 2.2.4.3, e nas Bases Específicas II 2.2 das que rexen o proceso, a proba teórica realizarase o **día 09 de agosto de 2018**, nas instalacións da **Escola Galega de Administración Pública** situadas na **Rúa de Madrid, nº 2 – 4, Santiago de Compostela**, en chamamento único que comezará ás 10:00 horas.

A proba teórica consistirá na realización dun exame tipo test que se valorará ata un máximo de 20 puntos, e cunha duración máxima de 1 hora, o seu contido é o determinado nas Bases Específicas II 2.2.1.

A orde de actuacións dos candidatos realizarase segundo o disposto no ANEXO desta resolución, comezando alfabeticamente por aquel cuxo primeiro apelido empece pola letra “G”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Facenda do 17 de xaneiro de 2018 (DOG do 26 de xaneiro de 2018) e o disposto nas bases xerais que rexen os procesos, ao tratarse dunha proba a celebrar no ano 2018.

Non se permitirá no recinto onde se realicen a proba o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico, ou calquera outro material ou instrumento. Advírtese que non haberá servizo de recollida do referido material, instrumento ou dispositivos.

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

Terceiro.- Inicio do prazo de presentación de documentación.

De conformidade co disposto nas Bases Específicas II apartado 1.3.2, das que rexen o proceso, acórdase a apertura do prazo de **3 días hábiles para a presentación da documentación** que se relaciona no apartado 2.3 das citadas bases (Formación Profesional) contados a partir do seguinte día hábil ao da publicación da presente resolución.

Esta documentación deberá presentarse **de 9:00h a 14:00h** nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas en:

- Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890, Santiago de Compostela – A Coruña,
- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003, Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911, San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lgr. Cabanas - Salcedo, 54, 36143, Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

A presentación de documentación en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

O prazo de presentación de documentación finalizará o vindeiro 07 de agosto de 2018 inclusive.

Santiago de Compostela, a 01 de agosto de 2018.

O Presidente da Comisión de selección.

Asdo.- Martín Martínez Abal

